

V XORNADA DE DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO LUCENSE



O COUREL DOS TESOS CUMES

ARQUEOLOXÍA E TERRITORIO

25 DE MARZO
DE 2022

SALÓN DE ACTOS
DA DEPUTACIÓN
DE LUGO



DEPUTACIÓN
DE LUGO



VICEPRESIDENCIA

Cultura



REDE MUSEÍSTICA
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



O COUREL DOS TESOS CUMES

ARQUEOLOXÍA E TERRITORIO

V XORNADA DE DIVULGACIÓN
CIENTÍFICA DO PATRIMONIO
ARQUEOLÓXICO LUCENSE

Un dos atractivos que, a ollos de Roma e Octavio Augusto, presentaba a conquista/ocupación do norte peninsular ibérico e, de maneira especial da futura *Gallaecia*, era a captación da súa proverbial riqueza mineira e metálica, especialmente a aurífera. Un bo exemplo dese interese pode observarse na actual serra do Courel.

Sobre o substrato indíxena de “montañeses”, “serranos” e “bárbaros”, segundo os cualifica Estrabón (Xeografía, Libro III, 3, 7), na súa famosa pasaxe, cun sistema económico agropecuario de subsistencia e agrupados nos seus inaccesibles castros, superponse, quizais xa a partir de mediados/ finais da primeira centuria, unha presenza romana seica non moi abundante e, maioritariamente, destinada ao control e explotación dos recursos mineiros, caso de Mina da Toca e Torubio (Folgozo do Courel), por citar só un par de exemplos, que, á parte das propias explotacións, xeraría novos asentamentos, nalgúns casos, quizais, sobrepostos ou vinculados aos indíxenas e, noutros, de nova creación, enfocados ao control do territorio.

Desta maneira, a análise histórica e arqueolóxica das poboacións e asentamentos prerromanos, a localización e sistema de explotación de campos mineiros de época xa romana, o sistema de captación económica, os ámbitos de relación establecidos entre ambos os modelos culturais e económicos, a cronoloxía destes feitos, a posibilidade de traballos arqueolóxicos planificados, o estudo desta área en relación co resto do NW hispánico antigo, a súa relación coas capitais conventuais de *Lucus Augusti* e *Asturica Augusta*, o territorio e as pegadas na paisaxe e os restos materiais conservados son, entre outros temas, susceptibles de ser apuntados, analizados ou abordados nesta xornada.



Venres, 25 marzo de 2022. No Salón de Actos da Deputación de Lugo

Prazas: en función do aforo e das medidas sanitarias e inscrición previa gratuíta por rigorosa orde de entrada.

Modalidades: **presencial e en liña**

Formulario de inscrición no Museo Provincial de Lugo e en www.redemuseisticalugo.org

Enviarase **diploma acreditativo** de asistencia á xornada (8 horas lectivas).

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75 % das sesións.

Organización: Museo Provincial de Lugo.

Dirección e Coordinación: Aurelia Balseiro García (direccion@museolugo.org), Iván Álvarez Merayo.

Comité organizador: Encarna Lago, Aurelia Balseiro, Enrique Alcorta, M.^a Ofelia Carnero.

Secretaría técnica: Enrique Alcorta e M.^a Ofelia Carnero (Dpto. de Arqueoloxía do MPL).

Colaboracións: UDC. Servizo de Audiovisuais da Deputación de Lugo, Museo Xeolóxico Municipal de Quiroga, Fundación Uxío Novoneyra.

PROGRAMA

9.30 h. Acreditación asistentes

10.00 h. Presentación oficial

10.15 h. “O que nos din os ósos atopados nas covas sobre a vida antiga en O Courel”

Aurora Grandal D’Anglade, profesora titular da UDC

11.00 h. “Revisión dos modelos de ocupación castrexa no territorio do Courel”

Luis Francisco López, arqueólogo e doutor en Prehistoria pola UCM

11.45 h. Pausa

12.15 h. “Cultura material do Courel conservada no MPL: a *tabula hospitalis*”

Enrique Alcorta e M.^a Ofelia Carnero, Departamento de Arqueoloxía do MPL

13.00 h. Mesa redonda moderada por **Aurelia Balseiro** na que participan os anteriores relatores, incorporándose, ademais, a directora do colexio do Courel, o presidente da Fundación Uxío Novoneyra e o director dos museos xeolóxico e etnográfico do Concello de Quiroga que abordarán, multidisciplinarmente, o tema: “A necesidade da transferencia e divulgación do coñecemento e o papel das estratexias transversais de comunicación para a posta en valor do patrimonio arqueolóxico courelá”

14.00 h. Debate-coloquio

16.00 h. Saída para traballo de campo* con visita, in situ, dun xacemento arqueolóxico emblemático do Courel guiados polo arqueólogo **Iván Álvarez Merayo**.

20.00 h. Visita técnica explicativa no Museo Provincial de Lugo**, (planta 1.^a sección de Prehistoria e Arqueoloxía), á exposición divulgativa sobre o patrimonio arqueolóxico do Courel: castro da Torre, a cargo da directora do MPL: **Aurelia Balseiro García**.

*disporase dun autobús ata completar 50 prazas

**presencial e/ou en liña

Clausura

Envío de diplomas por correo electrónico



O COUREL DOS TESOS CUMES

ARQUEOLOXÍA E TERRITORIO

25 DE MARZO
DE 2022

SALÓN DE ACTOS
DA DEPUTACIÓN
DE LUGO

FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Nome

Apelidos

DNI

Centro de traballo

Enderezo postal

Localidade

Código Postal

Provincia

Enderezo electrónico

Teléfono de contacto

Asdo.

Lugo

de 2022

**Modalidade preferente
de asistencia á xornada:**

☐

Presencial

☐

En liña

**Visita en bus a xacemento
arqueolóxico no Courel da man
de Iván Álvarez Merayo. (Só
para inscritos presenciais ata
completar as 50 prazas)**

☐

Non

☐

**Prazas presenciais ata completar
aforo, por rigorosa orde de
recepción de solicitudes.**

Apertura de prazo: 3/3/2022.

Deberá remitir esta solicitude
de inscrición debidamente
cuberta ao Rexistro xeral da
Deputación de Lugo (presencial
ou telematicamente).

Coa confirmación da inscrición
enviarase un link/enlace para
participar en liña na xornada.

**Desexo recibir información
sobre as actividades
realizadas pola Rede
Museística Provincial.**

Si

☐

Non

☐

Museo Provincial de Lugo.
Praza da Soidade, s/n, 27001 Lugo.
Tfno 982 242 112

A inscrición nesta xornada implica a
autorización do solicitante á entidade
organizadora do uso de imaxes na
mesma xornada con fines de difusión e
comunicación.

Para os efectos de cumprir a Lei orgánica
15/1999, de 13 de decembro, de
protección de datos de carácter persoal,
informamos que os datos facilitados a
través deste formulario serán incluídos
nos nosos ficheiros coa finalidade de
realizar a inscrición nesta xornada. En
ningún caso serán cedidas a terceiros.

O/A usuario/a poderá exercer os seus
dereitos de cancelación, rectificación e
de oposición, no que atinxa aos seus
datos de carácter persoal, mediante
escrito dirixido á Deputación Provincial
de Lugo a través do seu Rexistro xeral.

Con motivo da **V Xornada de divulgación científica do patrimonio arqueolóxico lucense**, continuamos coa finalidade de establecer canles de comunicación coa sociedade a través da transversalidade dos museos, fomentando o debate e actualizando contidos arqueolóxicos, estimulando e educando patrimonialmente a comunidade a través do coñecemento e da dinamización sociocultural e resaltando o noso patrimonio coa súa identificación e visibilidade expresa.

OBXECTIVOS CONCRETOS

- Abordar, desde diferentes perspectivas, o contexto territorial arqueolóxico e a cultura material do Courel.
- Visualizar estratexias de difusión e divulgación científica para un correcto coñecemento desta parte do patrimonio provincial lucense.
- Relacionar a transferencia do coñecemento coas sinerxías de valor social, a nivel local e xeral, desde formulacións interdisciplinares e transversais.
- Contribuír ao estudo e difusión do territorio devandito para xerar novos coñecementos e divulgalos á sociedade.
- Coñecer as estratexias de ocupación antiga do territorio a través dos asentamentos e das pegadas materiais.

CONTIDOS/RESUMOS

O que nos din os ósos atopados nas covas sobre a vida antiga en O Courel.

Na serra do Courel dáse unha característica xeolóxica que non é frecuente en Galicia: a roca calcaria, na que se poden desenvolver covas. No interior destas covas as temperaturas permanecen case constantes ao longo do tempo e, ademais, o substrato non é acedo, o que permite que os restos óseos se conserven durante miles de anos con pouca ou ningunha alteración. Isto dános a oportunidade de estudar os ósos de animais que viviron na zona en diferentes épocas e obter datos sobre a vida dos humanos no pasado.

Os estudos realizados son de varios tipos. Por unha banda, a identificación dos restos e a súa caracterización métrica, para saber que tipo de animais vivían na zona e como eran. Moitas covas conservan restos de animais domésticos, de varios milenios de antigüidade, que son testemuños da ocupación humana do territorio e como era o manexo do gando nos tempos pasados.

Ademais, a boa conservación dos ósos favorece que se poidan facer outros tipos de análises. A datación por carbono 14 permite encadrar no tempo os diversos achados. Os estudos de isótopos indican que comían os animais e como era o medio ambiente (temperaturas, pluviosidade, cuberta arbórea) en cada época e os estudos xenéticos no ADN antigo ofrecen datos interesantes sobre a orixe dos animais e a súa permanencia ou non na serra ao longo do tempo.

Deste xeito, ao estudar os ósos dos animais podemos obter información sobre os humanos que habitaron a serra na antigüidade.

Revisión dos modelos de ocupación castrexa no territorio do Courel.

Recentemente realizamos un estudo no sector meridional lucense e as serras orientais galegas centrado na II Idade do Ferro e o impacto producido durante o contacto con Roma, no que se lle prestou especial atención á construción da paisaxe social e as súas transformacións, a través dunha análise diacrónica e territorial. O dito estudo centrouse nos asentamentos castrexos e baseouse no análise das formas de delimitar os poboados, o modo de construír e definir os seus espazos comúns e domésticos, a definición dos modelos de ocupación prerromano, así como das transformacións e adaptacións que se desenvolveron coa chegada de Roma.

Os datos arqueolóxicos, nos que se basea esta revisión, proceden de intervencións, de prospeccións e escavacións, como a realizada o pasado ano no monte Cido, pero, sobre todo, partindo do análise morfolóxica dos poboados e do seu territorio, que permitiu o estudo das formas de poboamento e os patróns de ocupación, antes e despois da conquista. A investigación permitiu afondar nas peculiaridades deste tipo de núcleos de poboamento, como unidade básica social e territorial, "O Castro", e explicar este fenómeno como algo máis complexo que o que mostra a súa aparente homoxeneidade, neste sector caracterizado pola explotación dos seus abundantes recursos mineiros e a súa conseguinte transformación do territorio.

CONTIDOS/RESUMOS

Cultura material do Courel conservada no MPL: a *tabula hospitalis*.

Con base nos bens culturais, conservados na sección de Arqueoloxía/ Historia do MPL, preténdese analizar a cultura material atopada no Courel lucense en relación coa transición entre o mundo castrexo e a romanización. Dentro desa cultura material destacarase, especialmente, a *tabula hospitalis* posto que se trata dunha testemuña fundamental para coñecer os procesos de aculturación, organización administrativa e os seus mecanismos.

A necesidade da transferencia e divulgación do coñecemento e o papel das estratexias transversais de comunicación para a posta en valor do patrimonio arqueolóxico courelá.

Dentro dos obxectivos marcados nestas xornadas do MPL e, despois dunha presentación/introdución por parte de Aurelia Balseiro como moderadora, a mesa redonda estará composta por persoas vinculadas ao Courel, desde a multidisciplinaridade, para tratar de ofrecer distintos puntos de vista sobre a rendibilidade sociocultural da investigación patrimonial a través de experiencias concretas, de proxectos, programas de investigación e difusión, etc... para avanzar desde os recursos presentes ata a visualización de estratexias de futuro, de xeito transversal, en prol do seu desenvolvemento e sustentabilidade.

Ademais de coñecer a importancia e significado do tema desta xornada, tamén se pretende fomentar a participación das persoas que asisten e a implicación do terceiro sector, baseándonos nos obxectivos marcados e na finalidade principal da transferencia social do patrimonio a diversos sectores para promovelos, coñecelos e conservalos.

CURRÍCULOS DOS CONFERENCIANTES

Aurora Grandal-d'Anglade

Desde a súa integración como doutoranda en 1988 no Departamento de Xeoloxía, posteriormente Instituto Universitario de Xeoloxía, da Universidade da Coruña, o seu labor investigador centrouse no estudo dos mamíferos fósiles de xacementos de Galicia, incluíndo o estudo tafonómico dos xacementos, o estudo métrico comparativo das faunas. Realizou escavacións en diversos xacementos de Galicia, principalmente en zonas calcarias da provincia de Lugo (O Courel, Triacastela, Mondoñedo...), estudando as faunas de grandes mamíferos e ocasionalmente humanos de diferentes períodos prehistóricos e históricos. Aplicou por primeira vez as análises de isótopos estables para reconstruír o contexto biogeográfico e paleoecológico e nos últimos anos puxo en marcha un laboratorio dedicado exclusivamente ao ADN antigo na UDC. Colabora ademais en diversos proxectos de investigación con destacados investigadores nacionais e internacionais para realizar en Galicia este tipo de estudos. Dirixiu tres teses doutorais, numerosos traballos de fin de grao e máster. Publicou máis de 50 artigos en revistas científicas e comunicacións en máis de cen congresos nacionais e internacionais. Participa con frecuencia en xornadas divulgativas organizadas por concellos, museos, organizacións científicas ou centros educativos para divulgar o aínda pouco coñecido patrimonio paleontolóxico de Galicia. Foi Secretaria académica do Instituto Universitario de Xeoloxía, e desde 2017 ata a actualidade é a súa Directora en funcións.



Luis Francisco López González

Arqueólogo profesional. Formou parte de diversos proxectos arqueolóxicos do CSIC. De 1988 a 1996 intégrase no proxecto “La Zona Arqueológica de Las Médulas”, dirixido por F.J. Sánchez-Palencia. Funda a empresa arqueolóxica Terra-Arqueos donde dirixe e participa na excavación de diferentes xacementos entre os que destacan: Casto de Orellán, Castrelin, Lago de Carucedo nas Médulas, Campatorres, Castro de Samartín, Coaña, Tabacalera o la villa de Veranes en Asturias, el castro de Laias, el castro de Vilela, el casto de Outeiro da Ponte, Castromaior, Iria Flavia, el castro de Vigo, las Burgas de Ourense, Arxeriz, o castro de Sta. María de Cervantes e a do Castro Castañoso en Galicia. De igual modo dirixe prospeccións de diferentes Concellos da Comunidade Autónoma Galega e de Castela e León. Nos últimos anos codirixe xunto con Yolanda Álvarez González e Miguel Angel López Marcos intervencións para a posta en valor de xacementos destacados como a Cidade de San Cibrán de Las, o castro de Baroña, o de Elviña, Santa Tegrae o castro de Viladonga de cara a rentabilización social do patrimonio que promoven distintas institucións autonómicas. Desde o 2021 doctor en Prehistoria pola UCM ca tesis “Castros y territorio: evolución del poblamiento castreño y de los procesos de territorialización en la sierra oriental gallega y sector meridional lucense”



Iván A. Álvarez Merayo

Naceu en Pontevedra en setembro de 1971, aínda que desde hai máis 30 anos vive no Val de Lemos. Licenciouse en Xeografía e Historia, especialidade en Prehistoria e Arqueoloxía, pola Universidade de Santiago de Compostela e é Técnico Deportivo de Media Montaña (TD2). Desde o ano 1996 exerce como arqueólogo profesional por todo o país, actividade que comparte coa de Guía de Montaña, para a que ben de pór en marcha a empresa de Turismo Activo “Coureleando, S.C.”, especializada en rutas de montaña e interpretación arqueolóxica e do medio. Formou parte do equipo que redactou a candidatura do Xeoparque Mundial da UNESCO “Montañas do Courel”, sendo membro actualmente do seu Comité Científico.



Ramón Vila Anca

Licenciado en Xeografía e Historia pola Universidade de Santiago de Compostela en xuño de 1992. Funcionario do concello de Quiroga. Director dos museos etnográfico e xeolóxico municipais de Quiroga. Membro do comité científico do Xeoparque Mundial da UNESCO Montañas do Courel. Autor de varias publicacións relacionadas coa comarca de Quiroga como *“Unha historia xeolóxica de 500 millóns de anos: o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós e as pegadas glaciares dos vales de Seara e Vieiros”* ou a guía *“Las montañas do Courel. Una geología muy humana”*.



Uxío Novo

Lugo, 1981. É Licenciado e DEA en Ciencias Políticas e da Administración pola USC. Máster en Unión Europea e Fondos Comunitarios pola UDC / Lovaina e Experto en Organizacións Financeiras Multilaterais e Licitación Internacional da Escola Abanca. Investigador do CECUPS da Universidade de Barcelona e Técnico de apoio á investigación e Doutorando membro do Grupo de Estudos Territoriais da Universidade de A Coruña. Combinou traballos no sector privado como consultor de PNO-Econet, Dircom de Rei Zentolo e Co-CEO de Caligrama Libros con postos técnicos e de gabinete nas administracións públicas. Secretario da Fundación Uxío Novoneyra, é tesoureiro da ACAMFE e do Obradoiro de Ideas Láncara e vogal da AGPXC. Desenvolve traballos de consultaría e formación nos eidos da cultura, o turismo, o medio e o desenvolvemento rururbano co seu despacho EIDOSD. en traballado en diferentes campañas de comunicación política. Membro de Icomos España e B.Creative.



Lourdes González Sotelo

Licenciada en bioloxía no ano 1999 e profesora de Ensino Secundario desde o 2006. Desde o 2010 imparte clase no CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel e participa en proxectos de innovación educativa da Consellería de Educación.



Enrique J. Alcorta Irastorza.

Graduado pola Universidade de Deusto en 1982 e doutor en 1997 pola de Santiago de Compostela coa tese *Cerámica común romana de cociña e mesa de Lucus Augusti*.

No apartado profesional, as súas primeiras escavacións remiten ao Poboado da Hoya, (Laguardia, Álava) e Forua (Gernika, Bizkaia), campamento romano de *Aquae Querquennae* (Bande) e Castro de Saceda (Cualedro) ambos na provincia de Ourense.

Desde 1986 céntrase na cidade de *Lucus Augusti* (Lugo) onde participou como colaborador ou director en numerosas intervencións arqueolóxicas. Destes traballos nacen diversas memorias de resultados, así como artigos detallados ao redor de problemas construtivos da muralla romana que cingue a cidade e á análise da CCR exhumada na mesma, temas dados a coñecer tamén en congresos e xornadas de estudo.

Desde o ano 2004 traballa no Departamento de Catalogación, sección de Arqueoloxía e Historia, do Museo Provincial de Lugo, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.



Aurelia Balseiro García

Licenciada con grao en Xeografía e Historia coa especialidade de Museoloxía (1985-1990) e DEA (1993) pola USC. Investigadora especializada no campo da ourivería antiga.

Autora dun cento de publicacións en revistas, prensa, boletíns, actas de congresos ou en libros colectivos con temas relacionados coa arqueoloxía do ouro, o patrimonio, a historiografía, a arte, os artistas, os museos, etc., e de libros sobre ourivería castrexa: *Oro prerromano en la provincia de Lugo* (1994); *Diademas áureas prerromanas. Análisis iconográfico y simbólico de la diadema de Ribadeo/Moñes* (2000); *O torques de Burela. a xoia do noso patrimonio* (2013) e editora científica e coautora de *A Colección de ourivería antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018).

Directora do Museo Provincial de Lugo desde o outono de 2008, onde coordina os departamentos científicos e os programas de conservación, de coleccións (documentación e investigación) e de exposición.



M^a Ofelia Carnero Vázquez

Licenciada en Xeografía e Historia, coas especialidades de Arte Antiga e Medieval e en Museoloxía, pola USC (1982-1988). Técnica do departamento de Arqueoloxía/Historia do MPL, onde traballa desde o 1990, en tarefas de inventariado, catalogación, difusión e montaxe de exposicións.

Membro fundador do equipo de investigación etnográfica "Chaira", dedicado o estudo da literatura oral popular en Galicia, e como tal coautora dos libros *Polavila na Pontenova. Lendas, contos e romances* (1998) e *Da fala dos brañegos. Literatura oral do concello de Abadín* (2004). Relatora en diferentes Xornadas pedagóxicas e Cursos de Arte Galega do MPLugo. Outras publicacións nas que participou son *Maruja Mallo, la gran desconocida de Galicia* (1995), *Arqueoloxía:1990-2005/* (2010), *A Plástica provincial romana no Museo de Lugo* (2011) e *A Colección de Ourivería Antiga do Museo Provincial de Lugo* (2018).



BIBLIOGRAFÍA

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1995/96): "Castro da Torre (Sobredo, O Caurel). Informe de la intervención arqueológica de 1993", en *Boletín do Museo Provincial de Lugo nº VII*, vol. 2, pp. 9-32.

ÁLVAREZ NÚÑEZ, A. (1993/94): "Memoria de la intervención arqueológica de 1992 en la Mina da Toca", en *Boletín do Museo Provincial de Lugo nº VI*, pp. 185-198.

GARCÍA GARCÍA, S. M. (2016): *O Libro do Courel. Manual sobre el carácter de una montaña*, editorial Belagua.

GRANDAL-D'ANGLADE, A., VIDAL GOROSQUIETA, A. (2017): "Caracterización isotópica de Elba, la mujer mesolítica de Chan do Lindeiro (Pedrafitá, Lugo, Península Ibérica)", en *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe: Revista de xeoloxía galega e do hercínico peninsular*, Nº 39, pp. 89-110.

LÓPEZ GÓNZALEZ, L. F. (1991): *Caurel-Valle de Quiroga. Estructura social y territorio*. Tesina inédita, Universidade Complutense de Madrid.

LÓPEZ POMBO, L. (1993): *O Courel y su comarca*, Servizo de publicacións da Deputación de Lugo.

LUZÓN, J. M^a. y SANCHEZ-PALENCIA, F. J. (1980): *El Caurel*, Excavaciones arqueológicas en España, Ministerio de Cultura, Madrid.

VÁZQUEZ CASTRO, J. (1996): *El castillo de O Courel y la arquitectura militar de la orden de Santiago en Galicia*, Servizo de publicacións da Deputación de Lugo.

VÁZQUEZ SEIJAS, M. (1965-66): "Las cuevas del Oso", en *Boletín Comisión Monumentos de Lugo tomo VIII*, pp. 292-296.

VIDAL ROMANÍ, J. R., GRANDAL-D'ANGLADAE, A., VAQUERO, M. (2017): "El mundo de una mujer llamada Elba hace 9.300 años", en *Cadernos do Laboratorio Xeolóxico de Laxe: Revista de xeoloxía galega e do hercínico peninsular*, Nº 39, pp. 11-22.

VILA ANCA, R. (2006): *Unha Historia xeolóxica de 500 millóns de anos: o pregamento xeolóxico de Campodola-Leixazós e as pegadas glaciares dos vales de Seara e Vieiros*.

VILA ANCA, R. (2008): *Territorio Lor-Plan Caurel: Guía de recursos turísticos*.

VILA ANCA, R. (2018): *Las Montañas do Courel. Una geología muy humana*.

VILA ANCA, R. (2018): *Guía de barrancos y cañones, montañas do Courel*.

EXPOSICIÓN NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO DO COUREL: AS INTERVENCIÓNS NO CASTRO DA TORRE

Lugar: sección de Prehistoria/Arqueoloxía do MPL (sala 9, 1.ª planta)

Contido: material divulgativo e explicativo sobre o patrimonio material arqueolóxico, conservado neste museo, en relación coas prospeccións e campañas de escavación realizadas nos anos noventa do século pasado, cuxos achados se conservan no MPL. A través de paneis con textos actualizados, fotografías, debuxos, etc., documéntase e amósase, temporalmente, unha escolma de pezas representativas do material custodiado nas zonas de reserva a carón das vitrinas permanentes onde se expoñen, acotío, cerámica da Cova do Oso, a aguia e a tabula hospitalis do Courel.

Material expositivo: 5 paneis autoportantes, susceptibles de préstamo externo posterior á mostra realizada con motivo da xornada divulgativa e pezas en vitrinas.

Comisariado: Enrique Alcorta, Iván Álvarez, Aurelia Balseiro e M.ª Ofelia Carnero.

Duración: marzo-abril do 2022

Obxectivos:

- Complementar a xornada e divulgar esta parte concreta do patrimonio arqueolóxico, custodiado no MPL, con especial incidencia nos materiais das catro campañas de escavacións realizadas no castro da Torre, entre os anos 1993 e 1996.
- Lembrar a figura de Antonio Álvarez como arqueólogo responsable das escavacións devanditas e como responsable da montaxe da Sección de Arqueoloxía do MPL na reapertura do ano 1991.
- Divulgar coñecemento e información rigorosa a partir das pegadas materiais arqueolóxicas do Courel, transmitindo contidos, publicamente, de xeito aberto, inclusivo e gratuíto.



Museo Provincial De Lugo

Luns a venres: de 09:00 a 21:00 h

Sábados: de 10:30 a 14:00
e de 16:30 a 20:00 h

Domingos e festivos:
de 11:00 a 14:00 h

Pechado os días:
1 e 6 de xaneiro,
Martes de Entroido (festa variable),
22 de maio (Sta. Rita),
24, 25 e 31 de decembro.

Entrada gratuíta

Praza da Soidade s/n,
27001 Lugo
Tfno: +34 982 242 112

info@museolugo.org

www.redemuseistica.org

 [museoprovinciallugo /
redemuseisticaprovincial](#)

 [MuseoLugo / RedeMuseistica](#)

 [rmlugo](#)

É necesario cumprir as
«Normas de concordia en
prol da saúde colectiva»